XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL
Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
Xacobeo 21·22

PLAN DIXITAL

[CEIPP de Vilar de Barrio]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución
   1.1. Datos básicos do centro
   1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
   1.3. Breve xustificación do mesmo
   1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida
   2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
   2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
   2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción
   3.1. Obxectivos, indicadores e accións
   3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD
   4.1. Seguimento do Plan de Acción
   4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

NOME: CEIPP de Vilar de Barrio
DIRECCIÓN: Rúa Marcabán s/n- 32702 Vilar de Barrio- Ourense
CORREO: ceip.vilar.barrio@edu.xunta.gal
ENDEREZO WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvilarbarrio/
ETAPAS EDUCATIVAS: Infantil e Primaria
ALUMNADO: 29
PROFESORADO: 4 a tempo total e 3 compartidas

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

-Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro
O centro está situado nunha zona rural da provincia de Ourense. É unha zona con pequenos núcleos de poboación. Poboación envellecida, temos pobos nos que só hai un alumno/a. A situación socioeconómica é media baixa, a a maioría dos proxenitores traballan fóra do municipio.
Hai algunha explotación gandeira e agrícola.
As oportunidades culturais son escasas, contamos cunha biblioteca municipal cun fondo bastante bo. Hai unha asociación cultural que xunto co concello oferta actividades culturais sobre todo no verán e nalgunha data sinalada: letras galegas, día da muller etc

- Incardinación e contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo. Relación con outros plans e proxectos de centro.
No Plan Dixital estará estruturado todo o relacionado coas novas tecnoloxías, contribuirá a desenrolar todo o relacionado coas novas tecnoloxías no Proxecto Educativo, será unha ferramenta básica á hora de elaborar os diferentes programas e proxectos e centro así como a Programación Xeral Anual e as programacións das diferentes materias.
Estará moi relacionado cos seguintes proxectos: Biblioteca creativa, Proxecto Plurilingüe e todo o relacionado co Proxecto LIA.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do Curso 2022/2023
O plan de acción que se deseña nesta versión estará totalmente integrado na Programación do vindeiro curso, recollendo os obxectivos e as accións á levar a cabo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*
- *Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais.*

1.4. Proceso de elaboración

A través do PFPP no que participamos todo o profesorado do colexio foise organizando todo o proceso de elaboración.

Dado que somos un centro pequeno, todo o profesorado formou parte do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:
  No centro temos conexión con fibra e varios puntos de rede wifi da rede da Xunta.
  Temos varias aulas con conexión por cable: aula de 5º e 6º (proxecto Abalar), Biblioteca, aula de Infantil, aula de informática.
  Na aula de 3º e 4º e na aula de inglés temos 2 puntos de rede wifi que se instalou para dar cobertura ó proxecto "Samsung Smart School".
  No resto do centro temos outros dous puntos wifi, un na planta de abaixo e outro na de arriba.
  En total o centro dispón das seguintes redes wifi: ED_32014151, Abalar, edu.xunta.es, Samsung.
  Todas as dependencias teñen conexión ou con cable ou con rede wifi.
  A liña de voz é independente e contratada polo propio centro con Telefónica.

- Equipamento:

- No curso 2014-2015 o centro integrouse no proxecto Samsung Smart School , nun principio dispoñíamos de tabletas para todo o alumnado e profesorado pero estas a medida que foron pasando os cursos foron deixando de estar operativas e na actualidade xa non temos para todo o alumnado. Tamén dispomos de carros de carga nas diferentes aulas.

-Fomos centro Abalar polo que o alumnado de 5º e 6º ten á súa disposición os ultraportatiles dese proxecto aínda que xa están bastante obsoletos.

-Nos dous últimos cursos participamos no proxecto "Digicraft" polo que o alumnado de 5º e 6º ten cadanseu ultraportátil para uso individual.

-Na biblioteca temos en marcha varios proxectos, o "PlamBe", "Radio na biblio", "Biblioteca creativa", "Proxecto Lía". Todos estes proxectos veñen acompañados de fondos para mercar equipamento polo que hai varios dispositivos localizados na mesma.

Na parte de xestión e administración, dado que é un colexio pequeno e so existe a figura do director, temos un ordenador de sobremesa na dirección.

Na sala de profesores hai dous ordenadores de sobremesa.

Todos os ordenadores de sobremesa están conectados con cable.

O departamento de orientación ordenador de sobremesa que funciona bastante mal. Necesita un portátil para poder levalo de cole en cole.

EQUIPAMENTO	**LOCALIZACIÓN**	**USO**	**ESTADO**	**PROXECTO**
Ordenador sobremesa(1)	Dirección	Directora	Bo	
Ordenador sobremesa (2)	Sala de profesorado	Profesorado	Regular	
Ordenador Sobremesa(1)	Equipo orientación	Orientadora	Mal	
Ordenador sobremesa(1)	Biblioteca	Administradores biblioteca	Bo	PlamBe
Ordenadores Sobremesa (4)	Biblioteca	Alumnado Profesorado	Bo	PlamBe
Portátiles (2)	Biblioteca	Alumnado Profesorado	Bo	Proxecto Lía2
Tablets (5)	Biblioteca	Alumnado Profesorado	Bo	Proxecto Lía2 PlamBe
Libros dixitais(3)	Biblioteca	Comunidade educativa	Bo	PlamBe Elbe
Impresora 3D (1)	Biblioteca	Alumnado Profesorado	Bo	Biblioteca Creativa
Ordenadores sobremesa (5)	Aula informática	Alumnado Profesorado	Regular	
Tabletas Samsung (17)	Aulas titoría	Alumnado Profesorado	Regular	Samsung Smart School
Encerados dixitais (monitores) (2)	Aula de 1º e 2º ciclo	Alumnado Profesorado	Bo	Samsung Smart School

Carros de carga tablets (4)	Aulas de titoría	Alumnado Profesorado	Bo	Samsung Smart School
Ultraportátiles (8)	Aula de 5º6º	Alumnado	Bastante Mal	Proxecto Abalar
Portátil de aula (1)	Aula de 5º6º	Profesorado	Ben	Proxecto Abalar
Encerado dixital (1)	Aula de 5º6º	Alumnado Profesorado	Ben	Proxecto Abalar
Cañón (1)	Aula de 5º6º	Profesorado Alumnado	Regular	Proxecto Abalar
Carro de carga ultraportátiles (1)	Aula de 5º6º	Alumnado Profesorado	Ben	Proxecto Abalar
Ultraportátiles (12)	Aula de 5º6º	Alumnado	Moi ben	Digicraft
Ultraportátiles (2) routers de conexión (2)	Non definido	Alumnado	Moi ben	Educa en dixital
Portátil (1)	Biblioteca	Alumnado Profesorado	Ben	Radio na Biblio Premio Podcasts
Tablet Apple	Biblioteca	Alumnado Profesorado	Moi ben	Biblioteca inclusiva

- Servizos dixitais educativos:
  Servizos corporativos cos que conta o centro:
  -O centro ten **páxina web**
  https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvilarbarrio/
  Do seu mantemento encárgase a directora pero non é doado tela actualizada pola carga de traballo da mesma.
  -O centro ten **aula virtual en Moodle**
  http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvilarbarrio/aulavirtual/
  A partir do confinamento esta aula virtual está máis operativa.
  Espazo Abalar e Abalarmóbil: dende o confinamento utilízase a ferramenta Abalarmóbil basicamente para enviar as cualificacións e algún que outro mensaxe de centro ás familias pero o seu uso non está estandarizado.
  - Galería de imaxes Copernine.
  http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvilarbarrio/galeria/

- Xestión do mantemento do equipamento do centro.
  O mantemento do equipamento faise dende o propio centro, en determinadas ocasións solicítase a actuación da UAC e noutras ocasións levamos os equipos a servizos privados para que no los arranxen.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

RESULTADOS DO CUESTIONARIO SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	4,5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado	2,8				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,5				
	Profesorado	4,5				
	Alumnado	4,9				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4,6				
	Alumnado					
E- Pedagoxía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,8				
	Profesorado	4,4				
	Alumnado					
F- Pedagoxía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,5				
	Profesorado	4				
	Alumnado	4,3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,25				
	Profesorado	4,5				
	Alumnado	4				

RESULTADOS DO TEST CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	3	3	100
PROVISIONAL	1	1	100
INTERINO	1	1	100

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
129.6	Líder C1	76.4	Integradora B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Infanti	138	Líder C1	68.2	Integradora B1
Prima	144	Líder C1	77	Integrador B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Integrador/a B1	1	20
Experto/a B2	2	40
Líder C1	1	20
Pioneira C2	1	20
TOTAL	5	100,00%

OUTRAS FONTES:
Unha vez realizado cuestionario SELFIE elaborado polo equipo directivo, o alumnado e o profesorado e o Test de CDD realizado polo profesorado, traballouse en equipo para analizar os resultados e elaborar a matriz DAFO.
O equipo de profesorado traballando en equipo e por pequenos grupos utilizamos os seguintes modelos:
- Análise dos 3 porque.
- Análise cualitativa
- Análise cuantitativa.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	- Número de equipos suficiente para alumnado e profesorado.	- Rede inestable con periodos de bo funcionamento e outros non tanto
	PERSOAL DOCENTE	1.Uso normalizado das novas tecnoloxías 2.Prácticas dixitais seguras e responsables 3.Experiencia no intercambio con outros centros 4.Experiencia na creación de recursos dixitais 5.Formación adecuada 6.Implicación en proxectos e programas educativos	1.Dificultade para saír da zona de confort en canto á avaliación se refire 2.Dificultade á hora de controlar ó alumnado e manter a orde ao implementar novas estratexias
	ALUMNADO	1.Implicación e motivación do alumnado. 2.Experiencia na creación de contidos dixitais. 3.Capacitación e desenvolvemento dixital	1.Escaso uso das novas tecnoloxías para a avaliación entre iguais 2.Fallo na responsabilidade e seguridade

	FAMILIAS	1.Existencia de dispositivos dixitais e datos móbiles	1.Dispositivos máis adaptados ó xogo. 2.Asociación das novas tecnoloxías co xogo e non coa aprendizaxe 3.Baixa competencia dixital
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1.Optimización de recursos humanos e equipamento	1.Falta dun programa de reparación e conservación do equipamento

EXTERNOS		**OPORTUNIDADES**	**AMEAZAS**
CATEGORÍAS	**ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA**	1. Ampla oferta de formación para o profesorado 2.Ampla oferta de actividades, encontros, programas e proxectos	1.Apoio técnico deficiente 2.Falta de tempo por parte do profesorado
	LEXISLACIÓN	1.Amparo lexislativo todo o relacionado coas novas tecnoloxías	1. Cambios constantes 2. Na normativa faise fincapé nas novas tecnoloxías pero non se artella ben a maneira de pola en práctica
	CONTORNA	1.Existencia dunha biblioteca municipal con equipamento	1.-Escasa oferta de actividades culturais durante o curso escolar 3.Poboación envellecida
	ANPA	1.Boa oferta de actividades extraescolares	1.Nula oferta de actividades relacionadas coas novas tecnoloxías 2.A oferta de actividades viuse mermada pola pandemia COVID_19
	OUTRAS ENTIDADES	1.Existencia dunha asociación cultural que oferta actividades durante o verán	1. A moitos pobos non chega a conexión de rede e as familias so dispoñen de datos móbiles

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez que temos a matriz DAFO elaborada, nun grupo de traballo elaboramos o Plan de Acción.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Non temos necesidades de infraestructuras.
- Necesidades de equipamento:

. 1 portátil para o equipo de orientación. O equipo de orientación dispón dun ordenador de sobremesa que funciona moi mal. Compartimos equipo de orientación con outros 3 centros educativos polo que é necesario un portátil.

. Os equipos da sala de profesores e os da aula de informática están bastante obsoletos, sería preciso renovalos.

"Área/s de mellora": Prácticas de avaliación G						
1. OBXECTIVO :	Deseñar instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Mais de 1 de instrumentos deseñados Menos de 1 instrumentos deseñados					
Valor de partida	0 instrumentos					
Valor previsto e data	3 instrumentos por nivel e materia			Fin de curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Toma de decisións a cerca de que ferramentas imos a utilizar para deseñar os instrumentos de avaliación (rúbricas, kahoots..)	Grupo de traballo	1º trimestre	Dispositivos electrónicos Actas de reunión aula virtual		Realizada Aprazada Pendente	
AO1.2:Deseño dos instrumentos de avaliación.	Grupo de traballo	2º Trimestre	Dispositivos electrónicos		Realizada Aprazada Pendente	
A01.3:Posta en práctica dos instrumentos deseñados	Profesorado	3º Trimestre	Dispositivos electrónicos Rúbricas Kahoots etc		Realizada Aprazada Pendente	

"Área/s de mellora": Liderado A			
2. OBXECTIVO :	Mellorar a comunicación coas familias empregando a ferramenta abalar móbil	Acadado	
RESPONSABLE:	Directora	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	-25 % de mestres e mestras que usan a ferramenta para contactar coas familias Entre 25% e 50% de mestres que usan a ferramenta para contactar coas familias Entre 50% e 75% de mestres e mestras que usan a ferramenta para contactar coas familias Máis do 75% de mestras e mestres que usan a ferramenta para contactar coas familias		
Valor de partida	10 % do profesorado		
Valor previsto e data	100% do profesorado	Fin de curso 2022-2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1:Formación do profesorado e familias	Coordinadora TIC	1º Trimestre	Dispositivos dixitais Ferramenta Abalar pro e mobil		Realizada Aprazada Pendente	
AO2.2:Emprego da a ferramenta para o envío das cualificacións	Titores	1º Trimestre	Dispositivos dixitais		Realizada Aprazada Pendente	
A02.3:Emprego da ferramenta no 100% das comunicacións	Todo o profesorado	3º Trimestre	Dispositivos dixitais		Realizada Aprazada Pendente	

"Área/s de mellora": Colaboración e redes B			
3. OBXECTIVO :	Concienciar á comunidade educativa no bo uso dos contidos dixitais tendo en conta as licencias de autor	Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	- do 25% Emprega as licenzas de autor nos contidos creados e respectar as que atopemos en internet Entre o 25%e o 50% Emprega as licenzas de autor nos contidos creados e respectan as que atopemos en internet Entre o 50% e o 75%Emprega as licenzas de autor nos contidos creados e respectan as que atopemos en internet Máis do 75% Emprega as licenzas de autor nos contidos creados e respecta as que se atopan en internet		
Valor de partida	10% emprega as licenzas		
Valor previsto e data	100% emprega as licenzas	Fin de curso 2022-2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO3.1:Formación á comunidade educativa a cerca de tipos de licenzas	Coordinadora TIC	1º Trimestre	Presentación sobre licenzas Dispositivos dixitais		Realizada Aprazada Pendente
AO3.2:Elaboración dun repositorio de enlaces web con imaxes, cancións .. libres para usar nas nosas creacións	Todo o profesorado	2º Trimestre	Aula virtual Dispositivos dixitais		Realizada Aprazada Pendente
A03.3:Posta en práctica	Todo o profesorado	3º Trimestre	Dispositivos dixitais		Realizada Aprazada Pendente

"Área/s de mellora": Colaboración e redes B			
OBXECTIVO :	Concienciar á comunidade educativa no uso das redes de forma segura.	**Acadado**	
RESPONSABLE:	Coordinadora TIC	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	- do 25%Cumpren as medidas de seguridade no uso da rede Entre un 25% e un 50%%Cumpren as medidas de seguridade no uso da rede Entre un 50% e un 75% Cumpren as medidas de seguridade no uso da rede Máis dun 75%Cumpren as medidas de seguridade no uso da rede		
Valor de partida	0 % medidas adoptadas		
Valor previsto e data	O 100% do profesorado toma todas as medidas 0 100% do alumnado e familias	Fin de curso 2022-2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADP**	
AO4.1:Formación sobre seguridade en internet	Coordinadora TIC	1º trimestre	Presentación Dispositivos dixitais		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO4.2:Posa en práctica día a dia	Profesorado	1º trimestre	Dispositivos dixitais		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
A04.3:Realización de forma autónoma e espontánea.	Profesorado	2º trimestre	Dispositivos DIXITAIS		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	

4. Avaliación do plan

- **Avaliación procesual :**
- Temporalización: 1 vez por trimestre.
- Aspectos a valorar: Estado das actuacións. A principio de curso elaborarse un planing coas actuacións que levaremos a cabo dentro do marco do Plan dixital onde iremos anotando as diferentes actividades que se van realizando. A final de cada trimestre comprobaremos o estado destas actuacións.
- Análise e valoración dos resultados: A final de cada trimestre realizaremos unha valoración dos resultados obtidos en cada actuación. Miraremos os indicadores de cada obxectivo e veremos se se van acadando os valores indicados.
- Modificación das accións. Se é preciso faranse as modificacións necesarias.
- Propostas de mellora: a final de cada trimestre, unha vez analizados os resultados, proporemos as melloras que sexan necesarias.

- Avaliación final:
- Temporalización: - a fin de curso.
- Logro dos obxectivos. Elaboraremos unha tabla cos indicadores de cada obxectivo valorando se fomos acadando o que nos propuxemos.
- Propostas de mellora

5. Difusión do plan

O plan difundirase a través de:
- Páxina web do centro.
- Na reunión de principio de curso darase a coñecer ás familias.
- A principio de curso darase a coñecer ó profesorado, sobre todo ó de nova incorporación.